


A FESTA DOS MAIÇOS

em Compostela



A Festa dos Maíos

Dende a máis remota antigüidade o home vén celebrando dalgún xeito o cíclico renacer da vexetación e a chegada do bo tempo. Hai autores que xa lle procuran os primeiros antecedentes no Paleolítico (en particular no período Magdaleniense) que debeu ser cando xurdiron os máis dos cultos agrarios de carácter propiciatorio, vencellados coa fecundación e procreación. Outros, pola contra, opinan que foi no Neolítico.

O que si é certo, é que foron poucos os pobos antigos que non contaron con algunha destas manifestacións: os gregos coa celebración da deusa Deméter, a nai dos cereais, e, sobre todo, os romanos, que durante os meses de abril e maio festexaban a varias divinidades, todas elas relacionadas coa agricultura e a gandeiría: Tellus, Ceres, Pales,

Robigo, Flora, Maia (que lle deu nome ó mes),...

A igrexa, ante a imposibilidade de acabar con estes vellos cultos, rematou por sincretizalos, situando estratexicamente nos mesmos días a celebración dun santo ou un feito importante cristián. Só así se explica como moitas das manifestacións agropecuarias teñan vencellos coa festividade de San Pedro Mártir, que se celebra o 29 de abril; coa da Santa Cruz, a árbore das árbores, o tres de maio por ser en tal día do ano 326 cando se di cá emperatriz Santa Elena descubriu a auténtica cruz de Cristo no monte Calvario; ou, por último, que maio estea dedicado por enteiro á Virxe, pois, como xa dicía o rei Afonso X O Sabio, Ela é a rosa das *rosas* e a *fror das frores*.

Outras testemuñas sobranceiras da cristianización veñen a se-las

maías, as nenas que participan na festa, xa que tradicionalmente os maíos sempre foron masculinos, anque agora se admitan de ambos sexos. O seu era montar altarcifios nas prazas ou lugares moi concurridos e pasa-lo día pedindo esmola para a Santa Cruz ou, se era o primeiro do mes, para os apóstolos Filipe e Iago o Menor. En Galicia témolas rexistradas en Betanzos, Carnota, Compostela, Coruña, Ferrol, Lugo, Marín, Muros, Noia, Pontevedra, Pontedeume, Tui, Verín, Vilagarcía de Arousa, Viveiro, etc.

I. OS NOSOS MAÍOS

Non se sabe en que data se empezou a celebrar aquí tal festa. Suponse que debeu ser coñecida xa na antigüidade, dende cós nosos devanceiros se decataron da

repetición cíclica que ten lugar tódolos anos e pola mesma época. Pero tamén cabe a posibilidade de que fose introducida polos celtas ou iberos. O que non hai dúbida e que tomou pulo cos romanos que, como xa queda dito, contaban no seu panteón con varias divinidades vencelladas coa vexetación e cos animais.

Aínda có máis vistoso e coñecido sexan os maios, por estes mesmos días tamén teñen lugar —ou tiveron, cando é que xa non se practican— outras varias manifestacións propiciatorias relacionadas coa agricultura, gandeiría, pesca, etc. Entre as agrarias salienta a denominada *alumea-lo pan* ou *danzas do pan*, das que aínda quedan algúns restos nos concellos coruñeses da Serra de Outes, Negreira, Noia, Rois, etc. Os veciños recorren as sementeiras ou fan cacharelas, cantando monotonamente unha e outra vez vellas salmodias tradicionais, como esta dedicada a propiciar boa colleita de pan:

*Alumea,
alumea o trigo:
cada espiga seu pantrigo.*

Tanto a enramaxe dos barcos coa fin de dispoñer de abundante



Maio tradicional de Portomarín (1986)



Dous maíos de Portomarín cubertos con colmo (1986)

• pesca e arreda-lo perigo por todo o
 • ano, como a dos animais, casas,
 • apeiros e, ultimamente, tamén dos
 • coches, sempre foi labor de
 • persoas maiores. Para os nenos e
 • para a xuventude quedan
 • reservadas as manifestacións
 • lúdicas, coma os arcos florais, as
 • árbores de maio e, sobre todo, os
 • maíos.

• En xeral, os maíos galegos
 • poden ser de dúas clases:

• **a) Humanos:** cando non é máis que
 • un neno cuberto con fiuncho, xestas,
 • espadanas, hedras, ... e adornado
 • con flores. Están documentados, ou
 • aínda saen, anque non sexa máis
 • que de cando en vez, en Betanzos,
 • O Carballiño, Castro Caldelas, Cee,
 • Celanova, Compostela, Coruña,
 • Lugo, Mondoñedo, Monforte de
 • Lemos, Muros, Noia, Pontedeume,
 • As Pontes, Porto do Son,
 • Portomarín, Queiroga, Rianxo,
 • Ribadavia, Ribadeo, Verín, Viana do
 • Bolo, Vilalba, Viveiro, etc.

• **b) Figurados:** cando se trata dunha
 • figura. Á súa vez poden ser de dous
 • tipos, tendo en conta que en
 • algunha poboación (Pontevedra, por
 • exemplo) non permiten máis cá
 • participación dos coniformes.
 • Noutras admítese calquera figura.



Un maio de Vigo (1988)

En xeral, o normal vén sendo que se houbo recuperación, se escollesen estes por ser máis vistosos, anque os tradicionais da zona fosen "humanos", por iso se repiten varias poboacións: Betanzos, Caldas de Reis, Cambados, Carril (Vilagarcía), Celanova, Combarro (Poio),

Compostela, A Estrada, Marín, Monforte de Lemos, Noia, Ourense, Poio, Pontedeume, Pontevedra, Redondela, Sanxenxo, Tui, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, etc.

II. OS MAIOS COMPOSTELANS

Non se perdeu o costume de estra-lo día primeiro de maio e tamén o tres parte do solo da catedral compostelá, con fiuncho, espadanas, e mesmo mentraste. Uns días antes, o 29 de abril, ten lugar a celebración de San Pedro Mártir no convento de Belvís. A ela acoden os labregos dos arredores a bendici-lo gran para sementar, a mercar poliñas de oliveira que logo espetan nas sementeiras para arreda-las pragas e propicia-lo medro do froito, a mercar tamén "escritos" para librar ós nenos e mesmo maiores de tódolos males (antes, en particular, do "mal de ollo" das meigas), etc.

Tanto o que se fai na catedral, como en Belvís, non son máis que restos de antigas manifestacións vencelladas co mes de maio, e, á súa vez, con cultos agrarios relacionados coa fertilización e procreación.

Nada se sabe dos maios medievais, pois ata o XVIII non posuímos novas. Neste século, o ilustrado asturiano Gaspar Melchor de Jovellanos, na súa *Memoria para el arreglo de la policía de los espectáculos y diversiones públicas, y sobre el origen en España*, ó referirse a unha lei das Partidas do rei Sabio, comenta como os capitulares composteláns prohibiran a entrada na catedral das maias e dos diañiños, *por la indecencia de sus danzas y truhanadas*.

O maio compostelán que foi tradicional deica os últimos anos do século pasado, pertence ó grupo dos denominados "humanos", por carecer de figura floral, facendo de tal un neno recuberto con vexetais, sobre todo, fiuncho, xestas e espadanas. Neste aspecto viña a ser case igual cós de Portomarín, Ribadeo (documentado graficamente cara a 1873), Viveiro, etc.

Era semellante en todo agás en algo moi importante: cá súa vestimenta vexetal imitaba a dos peregrinos que viñan a visita-la tumba do Apóstolo, co saial, esclavina e caxato. Así aínda o facían no ano 1888, como escribe J. Inzenga na súa obra *Cantos y*

bailes populares de España: Galicia. A ela pertencen estas verbas que verquemos ó galego:

A súa rexia vestimenta confecciónase na forma e maneira seguintes:

Recollidas o último día de abril suficiente cantidade de espadanas nos prados da comarca (Iris pseudo acorus), xa polas boas ou roubadas, e nas hortas e xardíns o fiuncho (Foeniculum vulgare) e as flores máis características e resistentes a desfollarse, procédese a forma-la faldamenta, enfiando nun cordel as fronzas de fiuncho, alternadas con diferentes poliñas florais, ou se faltan estas con espadanas e mancheas de xesta (Anthoxanthum odoratum); cordel que revestido, dando varias voltas á cintura, debe recubrir perfectamente o medio corpo. Do mesmo xeito confecciónase o que debe se-la esclavina, que descende ata máis abaixo da cintura, procedéndose de igual maneira a revesti-los brazos, constituíndo estas catro pezas un elegante capisaio. Seguidamente, atando unha regular manchea de fronzas de fiuncho polos seus peciolos arredor dun búcaro de flores, de xeito cás fronzas caían como fleque



Dous maíos de Vilafranca do Bierzo. Cantan en galego.